



### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN DE LUGO

##### Anuncio

**Pagamento do prezo xusto pola expropiación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto Parque Eólico Sasdónigas Fase II (expediente LU-11/125-EOL). Beneficiaria: Norvento Estelo ,SLU**

Mediante o presente anuncio comunícase a todos os interesados afectados polo procedemento de expropiación do expediente de referencia, cumprindo co previsto na resolución dictada polo Xurado de Expropiación de Galicia, a data, a hora e o lugar para o pagamento do prezo xusto de acordo co seguinte calendario:

Parque eólico Sasdónigas II			
DÍA	Concello	HORA	PREDIO
24 05/2022	Mondoñedo	09:00 h	16, 143, 166, 172
		11:00 h	17, 80, 18, 178
		12:00 h	18, 64, 78, 121, 125, 136
		13:00 h	82, 88, 126, 134
25/05/2022	Mondoñedo	09:00h	74, 94, 122, 167
		11:00 h	89, 92, 101, 129, 182
		13:00 h	91, 95, 119, 181, 184
26/05/2022	Mondoñedo	09:00h	76, 107, 117, 158, 160
		11:00 h	96, 98, 113, 115, 147, 163
		13:00 h	108, 144, 150, 152, 157, 175

Os propietarios dos predios afectados serán notificados individualmente e advirteselles que os pagamentos se realizarán nas condicións que establecen o artigo 48 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 (BOE núm 351 de 17 de decembro de 1954), e os artigos 48, 49 e 50 do seu Regulamento, de 26 de abril de 1957.(BOE núm. 160 de 20 de xuño de 1957).

Lugo, 24 de febreiro de 2022.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0423

## CONCELLOS

### BECERREÁ

#### Anuncio

#### EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 22/02/2022, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xaneiro do 2022 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 22/04/2022. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 23 de febreiro de 2022.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0424

## CASTRO DE REI

#### Anuncio

#### Exposición pública

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 24 de febreiro do 2022, acordou aprobar as **BASES REGULADORAS APLICABLES Á CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS Á REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO CONXUNTO HISTÓRICO DE CASTRO DE REI CON FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021. FASE 1.**

#### CAPÍTULO PRIMEIRO. ÁMBITO E DISPOSICIÓNS XERAIS

#### ARTIGO 1. OBXECTO

1. O obxecto destas bases, de acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia, é fixar os criterios para a concesión das subvencións previstas no marco do Real decreto 106/2018, de 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 (BOE 10.03.2018), para o Programa de fomento

da rexeneración e renovación urbana e rural recollidas no Acordo da comisión bilateral asinado o 1 de decembro de 2021 entre o Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana, a Xunta de Galicia e o Concello de Castro de Rei no ámbito da Área de Rehabilitación Integral de Castro de Rei.

2. Principalmente estas bases definen:

- As actuacións e obras que poden ser obxecto de axudas económicas, a cargo dos fondos públicos comprometidos no devandito acordo.
- As persoas beneficiarias das axudas económicas.
- As condicións xerais que deben cumprir os beneficiarios e os inmobles.
- Os procedementos de xestión e tramitación.

3. As subvencións concederanse polo procedemento de concorrencia competitiva a través de convocatoria pública, seguindo a orde de prelación que resulte da valoración prevista nestas bases, artigo 7, até esgotar o número de actuacións e/ou o crédito dispoñible previsto no acordo asinado.

En caso de non esgotar o número de actuacións e o crédito dispoñible previsto na convocatoria, poderase volver a abrir un novo prazo de presentación de solicitudes, previa proposta motivada da Oficina de rehabilitación e acordo da comisión de valoración, contando coa necesaria publicidade.

4. A concesión destas axudas estará, en todo caso, condicionada á existencia de crédito orzamentario, ás resolucións ditadas polos responsables do Ministerio de Fomento e/ou da Xunta de Galicia para a aplicación do Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda en Galicia e á aceptación da documentación xustificativa por parte do Concello de Castro de Rei.

## **ARTIGO 2. PRINCIPIOS XERAIS**

A xestión das subvencións reguladas nestas bases realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e da eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos e rexerese polas seguintes normas:

- Lei 38/2003, do 17 de decembro, Xeral de Subvencións e o seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante LSG) e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de vivenda 2018-2021.
- Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 3 de xuño de 2021, pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se establecen as bases reguladoras das súas axudas e se abre o prazo de participación para a anualidade 2021.
- Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, nos aspectos non previstos nas anteriores normas.
- As bases de execución dos orzamentos do Concello de Castro de Rei.

## **ARTIGO 3. ÁMBITO DE APLICACIÓN**

Poderanse solicitar axudas á rehabilitación para os edificios de uso residencial e as vivendas incluídos na delimitación da Área de Rehabilitación Integral do Conxunto Histórico de Castro de Rei, declarada mediante Resolución do 24 de febreiro de 2021, do Instituto Galego de Vivenda e Solo, publicada no Diario Oficial de Galicia de 05/03/2021, con corrección de erros posterior de 09/04/21.

## **ARTIGO 4. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES.**

### **4.1 Actuacións subvencionables**

De conformidade co artigo 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, son actuacións subvencionables as seguintes:

1. As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, sempre que se acade unha redución da demanda enerxética, nos termos establecidos no citado artigo.
2. As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.

3. A execución de obras e/ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.

4. As obras de demolición de edificios e de vivendas e as obras de construción de edificios de vivendas e vivendas de nova construción, en substitución doutros previamente demolidos. Os novos edificios e vivendas deberán ter unha cualificación enerxética mínima B e cumprir, en todo caso, coas esixencias do Código técnico da edificación.

#### **4.2 Requisitos das actuacións**

1. Todas as actuacións deberán dispor de licenza municipal ou, de ser o caso, someterse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, así como dispoñer de todas as autorizacións sectoriais preceptivas.

2. As actuacións deberán axustarse ao proxecto ou a memoria elaborada para a súa execución.

3. As actuacións non poderán estar iniciadas con anterioridade á presentación da solicitude de subvención regulada no artigo 8 destas bases. O prazo máximo de execución da actuación virá determinado na resolución de cualificación provisional das obras.

4. O custo de todas as actuacións subvencionables incluírá tamén os honorarios dos profesionais que interveñan, o custo de redacción dos proxectos, direccións técnicas ou facultativas, os informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e calquera outro gasto similar, derivado da actuación, sempre que estean debidamente xustificadas. No custo total das obras non se incluírán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.

5. O custo subvencionable das obras, incluíndo os gastos sinalados no número anterior, non poderán superar os custos medios do mercado que correspondan a tales actuacións, os cales se determinarán de conformidade coa última edición publicada da Base de datos da Construción de Galicia ou normativa que a substitúa.

### **ARTIGO 5. BENEFICIARIOS**

#### **5.1 Persoas ou entidades beneficiarias**

1. Poderá ser beneficiaria destas axudas quen asuma a responsabilidade da execución integral da actuación.

2. As persoas interesadas, ao formalizaren unha solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións destas bases de convocatoria así como aos demais requisitos que se establezan na normativa reguladora.

#### **5.2 Requisitos**

1. Para ser beneficiarios/as da subvención, o inmovible estará dentro do ámbito acordado nas presentes bases e terá uso predominantemente residencial.

2. Os edificios e vivendas deberán ser visitados polos técnicos da Oficina de Rehabilitación e non se poderán subvencionar partidas de obra iniciadas con anterioridade á realización da visita sen datos fidedignos do estado previo ás obras comprobados polos técnicos da Oficina de Rehabilitación.

3. As persoas e as entidades beneficiarias das axudas deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 7.2 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

4. Para que as persoas físicas sexan beneficiarias deberán posuír a nacionalidade española ou ter a residencia legal en España no caso das persoas estranxeiras.

5. No caso de que a persoa ou a entidade solicitante sexa unha comunidade, unha agrupación de comunidades de persoas propietarias ou unha agrupación de persoas propietarias, os requisitos sinalados nos puntos anteriores deberán cumprilos todos os seus membros.

6. Cando a execución da actuación corresponda a varias persoas beneficiarias, a axuda distribuirase en proporción ao custo asumido por cada unha delas. As persoas e/ou as entidades beneficiarias destinarán o importe íntegro da axuda a pagar as correspondentes actuacións. Cando se trate dunha comunidade, dunha agrupación de comunidades de persoas propietarias ou dunha agrupación de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que tanto o importe da axuda coma o custo das obras deba repercutirse nas persoas propietarias de vivendas e, de ser o caso, dos locais comerciais ou predios doutros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando algún dos membros da comunidade ou da agrupación de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias incorra nunha ou en varias das prohibicións establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou do artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, non se atribuirá a dita persoa propietaria a parte proporcional que lle correspondería da axuda recibida, que se ratearía entre os restantes membros da comunidade ou agrupación de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias.

7. Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias aquelas que estean incursas nalgunha das causas previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño,

ou aquela a quen se lle revogase algunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda por causas imputables á persoa ou entidade solicitante

### 5.3. Obrigas dos beneficiarios

Ademais das recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as persoas ou entidades beneficiarias terán as seguintes obrigas:

- Realizar a totalidade das actuacións de rehabilitación para as que se concedeu a axuda, de conformidade coa resolución de cualificación provisional.
- Comunicar ao Concello de Castro de Rei calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.
- Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que o concello e/ou o Instituto Galego de Vivenda e Solo (en adiante IGVS) considere pertinentes durante a vixencia da subvención para verificar a veracidade dos datos aportados así como o destino da subvención concedida.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, ou polo concello ou o IGVS.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos mentres estes poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control.
- Subministrar ao IGVS, logo de requirimento para o efecto, de conformidade co artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da citada lei.

## CAPÍTULO SEGUNDO: FINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN

### ARTIGO 6. ORZAMENTO PROTExIBLE E AXUDAS

#### 6.1. Orzamento protexible

1. Por orzamento protexible entenderase o custo máximo subvencionable das obras establecido no apartado 5 do artigo 4.2 destas bases. Será o resultado de adiciónarlle ao orzamento de execución material o beneficio industrial e os gastos xerais, máis os custos dos honorarios facultativos e de xestión por razón das actuacións. Non formarán parte daquel ningún tipo de taxas, impostos e outros ingresos de dereito público.

2. A contía mínima do Orzamento Protexible por vivenda será de 1.200 euros por actuación.

#### 6.2. Tipo e contía das axudas

1. As axudas públicas para a execución das diferentes actuacións para a rehabilitación da área consistirán en subvencións a fondo perdido, e poderán acollerse a elas calquera das actuacións consignadas no artigo 4 das presentes bases.

2. A concesión das axudas outorgarase unha vez obtida a cualificación definitiva das actuacións.

En todo caso, as axudas adjudicaranse conforme o subscrito no Acordo da comisión bilateral asinado o 1 de decembro de 2021 entre o Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana, a Xunta de Galicia e o Concello de Castro de Rei, que estima unha inversión de 345.000,00 euros que corresponden coas aportacións do Ministerio, da Xunta e dos promotores particulares para un total de 14 actuacións cualificadas de edificación e rehabilitación.

As contribucións máximas conforme se establece no Acordo son as seguintes:

ARI Conxunto Histórico Castro de Rei. Fase 1	Nº Intervencións	Aportación Ministerio	Aportación Comunidade Autónoma
Obras de Edificación	1	25.000,00 €	3.000,00 €
Obras de Rehabilitación	13	53.000,00 €	7.008,00 €

3. As contías das axudas serán as seguintes:

#### - Subvencións estatais

A contía máxima das axudas non poderá exceder, de forma individualizada, do 40 % do custo subvencionable da actuación.

Esta porcentaxe máxima poderá ser do 75 %, se os ingresos da unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio son inferiores a tres veces o IPREM. Esta mesma porcentaxe aplicarase cando se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade e se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio, que existen persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

A contía máxima determinarase atendendo ao custo total da intervención e calcularase multiplicando o número de vivendas que contén coa súa correspondente referencia catastral polas axudas unitarias establecidas a continuación:

a) Ata 12.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, para actuacións de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, con redución de demanda enerxética, nos termos do artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

b) Ata 8.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva para actuacións de conservación, da mellora na seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, nos termos establecidos no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, e para as actuacións de mantemento e intervención sinaladas no artigo 51.1.a) do dito real decreto e no ordinal décimo sétimo a resolución do IGVS, de 3 de xuño de 2021.

c) No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva, incrementarase estas contías con 120 euros por cada metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos. Ademais, poderá incrementarse en 1.000 euros por vivenda e 10 euros por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos, nos edificios e vivendas declaradas ben de interese cultural, catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente.

Para poder computar a contía establecida por cada metro cadrado de uso comercial ou outros usos será necesario que os predios correspondentes participen nos custos de execución da actuación.

Estas axudas unitarias incrementaranse nun 25% cando as persoas beneficiarias sexan menores de 35 anos.

Nas actuacións de rehabilitación estas axudas solicitaranse, xestionaranse e resolveranse para a vivenda ou, se é o caso, conxuntamente para todo o edificio, sen prexuízo da súa posterior repartición e repercusión proporcional e destinaranse integramente ao pagamento das cotas correspondentes ás actuacións subvencionables, unha vez repercutidas proporcionalmente.

d) Ata 30.000 euros por cada vivenda construída, en substitución doutra previamente demolida ou construída, nos casos de infravivenda e chabolismo.

Nas actuacións para a mellora da eficiencia enerxética e a sustentabilidade a axuda estará condicionada a que se alcancen os obxectivos de redución de demanda enerxética establecidos no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

#### - Subvencións autonómicas

O IGVS, con cargo aos seus orzamentos, subvencionará as actuacións na ARI na contía máxima de 4.000 euros por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación ou renovación, sen que a subvención poida exceder o 10 % do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio.

Os importes das axudas indicados anteriormente axustaranse en todo caso á financiación outorgada ao Concello de Castro de Rei no Acordo da comisión bilateral asinado o 1 de decembro de 2021. Por tanto, os importes máximos das axudas indicados poderán diminuír en función do número de accións subvencionadas que supere o número previsto de 14.

### **6.3. Compatibilidades e incompatibilidades**

Sen prexuízo do establecido no parágrafo seguinte, as subvencións deste programa son compatibles con calquera outra subvención ou axuda concedida para a mesma finalidade por calquera Administración ou ente público ou privado, sempre e cando a suma do importe de todas elas non supere o custo total da actuación concreta.

De conformidade co artigo 52 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, estas axudas serán incompatibles coas subvencións procedentes do Programa de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do Programa de fomento do parque de vivenda en alugueiro e do Programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

### **ARTIGO 7.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

A concesión das axudas graduarase tendo en conta os seguintes criterios:

1.- Estar en disposición dos títulos habilitantes esixibles para o desenvolvemento dos traballos obxecto da axuda (comunicación previa, licenza...) con data previa á xuntanza da comisión de valoración, 20 puntos.

2.- Actuacións de rehabilitación en vivendas habituais acreditado mediante o empadramento do solicitante, 5 puntos.

3.- Accións que melloren o estado de conservación de elementos de singular valor arquitectónico, 5 puntos.

4.- Edificacións construídas con anterioridade á 1940 conforme datos catastrais, 5 puntos.

No caso de empate terá preferencia a data e hora de entrada anterior no Rexistro Xeral do Concello.

**CAPÍTULO TERCEIRO. TRÁMITES ADMINISTRATIVOS E PROCEDEMENTO****ARTIGO 8. SOLICITUDE, DOCUMENTACIÓN INICIAL E PRAZO DE PRESENTACIÓN**

1. As solicitudes de axuda presentaranse en instancia normalizada que se facilitará nas dependencias da Oficina de Rehabilitación – Concello de Castro de Rei -, por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes de axuda deberanse presentar no prazo de 1 mes a contar desde a publicación das presentes Bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo –publicación da que se dará información na sede electrónica do Concello de Castro de Rei -, podendo abrirse un segundo ou posteriores prazos en caso de autorizarse a redistribución de anualidades ou a consecuencia da existencia de remanentes.

3. Coa solicitude, o solicitante realizará as seguintes declaracións responsables indicando:

- Que os beneficiarios das subvencións non solicitaron nin obtiveron outra axuda para a mesma actuación. Si solicitaron ou obtiveron outra axuda deberá indicar importe e organismo ou administración que concede a subvención.

- Compromiso de comunicar calquera outra subvención que lle sexa concedida.

- Que todos os datos facilitados na solicitude son correctos

- Non estar incurso en ningún tipo de inhabilitación para a obtención de axudas.

- Estar ao día de pagos de obrigacións de reembolso de subsidios.

- Estar ao día coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a administración local; e de non estar involucrado en ningunha das prohibicións para acadar a condición de beneficiario definidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

- Autorización do solicitante para que o IGVS poida reclamar toda a información necesaria, en particular a de carácter fiscal ou económico que fora legalmente relevante para acreditar o cumprimento dos requisitos.

4. Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

a) Documentación relativa ao solicitante

- Fotocopia do DNI do solicitante e representante (de ser o caso) formalmente nomeado.

- Acreditación da titularidade do edificio ou vivenda mediante certificación do Rexistro da Propiedade, escritura pública de compravenda, escritura pública de aceptación ou partición da herdanza, escritura pública de doazón e aceptación, ou sentenza xudicial, segundo corresponda.

- Certificación bancaria con número conta bancaria a nome do/s beneficiario/s da subvención.

No caso de que a persoa solicitante sexa unha entidade sen personalidade xurídica ou persoa xurídica, pública ou privada (empresa, comunidade de propietarios, copropiedade, etc.), achegarase ademais:

- Documentación acreditativa da súa constitución e NIF (no seu caso)

- Documento acreditativo da representación con que se actúa.

- Acordo para a execución das obras e a solicitude da subvención.

- Relación de persoas propietarias do edificio, identificando NIF de cada unha, e a referencia catastral de cada vivenda e local.

b) Documentación do inmovible e as obras:

- Se a obra a realizar é de mellora da eficiencia enerxética e a sustentabilidade, certificado de eficiencia enerxética de vivenda que acredite as reducións de emisións así como a letra resultante de realizarse a obra, en xustificación do artigo 36 do Real decreto 106/2018.

- Proxecto técnico, ou Memoria de ser o caso, no que se describan as obras a executar e a súa valoración, coa desagregación das partidas, segundo o disposto nos artigos 36, 43 e 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo. O proxecto ou memoria deberá indicar, así mesmo, os datos fundamentais do edificio: situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre rasante, superficie sobre rasante con uso residencial e unha reportaxe fotográfica das obras que se van realizar.

Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 40.000 euros será necesario achegar 3 orzamentos, e en caso de non se optar pola oferta mais vantaxosa, memoria xustificativa da diferente elección, coma establece o artigo 29 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e o 42 do D11/2009 do regulamento da lei de subvencións.

-Títulos habilitantes para a execución das obras (licenza ou comunicación previa), ou impreso de solicitude das mesmas.

- Outros documentos que se é o caso, o Concello considere necesarios e foran requiridos ao beneficiario para ditar resolución ou calquer outra documentación necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos previstos no RD 106/2018.

c) En aplicación do ordinal vixésimo da Resolución do 3 de xuño de 2021, a contía máxima das axudas poderán exceder o 40% do custo subvencionable da actuación e acadar a porcentaxe máxima do 75 %, cando resulten acreditados ingresos na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, e estes resulten inferiores a tres veces o IPREM. Esta mesma porcentaxe aplicarase cando se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade e se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, que existen persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

No primeiro caso, deberá aportar copia da declaración conxunta ou declaracións individuais de todos os membros da unidade familiar do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) correspondente ao ano inmediatamente anterior á solicitude da axuda, sempre que expirara o prazo.

No segundo caso deberá acreditar a circunstancia que corresponda das seguintes:

- Certificado de discapacidade dos membros da unidade de convivencia dependentes ou con discapacidade recoñecida.
- Documento acreditativo da idade do integrante da unidade de convivencia maior de 65 anos (DNI, partida de nacemento, ...)

5. A presentación da solicitude de subvención implica a aceptación de que se comprobará de oficio o cumprimento dos requisitos de atoparse ao corrente de pago co concello de Castro de Rei.

6. A instrución do procedemento corresponderá á Oficina de Rehabilitación que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución.

7. Cando a documentación achegada sexa incompleta ou defectuosa requirirase ao solicitante para que nun prazo de dez (10) días hábiles dende o requirimento, emende o erro ou achegue a documentación preceptiva, con indicación de que, se así non o fixese, terase por desistido da súa solicitude, previa resolución ditada nos termos previstos no art. 68 da Lei 39/2015.

8. En todo caso, o Concello de Castro de Rei como entidade xestora das subvencións, poderá requirirle ao solicitante, en calquera momento do procedemento, documentación complementaria se a considera necesaria para a xustificación do cumprimento dos requisitos previstos no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

9. Os solicitantes seleccionados terán a obriga de informar á Oficina de Rehabilitación de calquera circunstancia que puidese supor unha modificación das condicións tidas en conta para a selección e a posterior cualificación da actuación, e que puidesen dar lugar á modificación da resolución.

#### **ARTIGO 9.- COMISIÓN DE VALORACIÓN**

Nomearase unha comisión de valoración que estará integrada polos seguintes membros: Arquitecta do Concello de Castro de Rei e da Oficina de Rehabilitación, a Secretaria, a Interventora e o Alcalde do Concello de Castro de Rei.

#### **ARTIGO 10.- CUALIFICACIÓN PROVISIONAL**

1. Tras examinar as solicitudes presentadas en prazo, e realizada a visita de inspección ao edificio ou vivenda para comprobar o estado da edificación, e a adaptación da solicitude aos requisitos técnicos previstos no Plan Estatal, a dirección da Oficina de Rehabilitación emitirá informe do cumprimento das esixencias impostas para adquirir a condición de beneficiario/s da subvención. O informe elevarase á Comisión de valoración a fin de que emita proposta dos beneficiarios finalistas á Alcaldía para a súa aprobación.

2. Daqueles expedientes que cumpran os requisitos, o Concello remitirá unha proposta de cualificación provisional á correspondente área provincial do IGVS, que conterá a identificación da persoa ou entidade solicitante, o tipo de actuación, o orzamento protexido e o prazo de execución das actuacións. A esta proposta deberá xuntarse unha certificación municipal do cumprimento dos requisitos exixidos polo Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, referida ás actuacións, aos edificios, ás vivendas, así como ás persoas ou entidades beneficiarias.

3. A persoa titular da correspondente xefatura territorial do IGVS ditará unha resolución sobre a cualificación provisional, que conterá a identificación da persoa solicitante e describirá o tipo de actuación, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación, o seu orzamento protexido e o prazo de execución e de comunicación do remate das obras.

4. A cualificación provisional é requisito necesario para acadar o financiamento previsto no acordo específico. Serán causas de denegación da cualificación provisional, ademais das que poida sinalar o concello, as seguintes:

- a) Que a actuación prevista non se atope entre as actuacións de rehabilitación acollidas neste programa.
- b) Que a actuación non se axuste ás determinacións do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, ou ao acordo específico asinado co Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.



c) *A falta de cobertura orzamentaria no momento da resolución de cualificación provisional.*

5. *O IGVS remitirá ao Concello de Castro de Rei as Cualificacións Outorgadas e o Concello de Castro de Rei, a súa vez, enviará aos solicitantes as ditas Cualificacións.*

6. *O prazo para ditar e notificar a resolución sobre a cualificación provisional será de dous (2) meses, contados a partir do día seguinte ao da entrada na correspondente área provincial do IGVS da proposta municipal de cualificación provisional. Transcorrido o dito prazo sen que se notifique a resolución, a persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.*

7. *Contra a resolución que sobre a cualificación provisional diten as xefaturas territoriais do IGVS poderase interpor un recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.*

#### **ARTIGO 11.- EXECUCION DAS OBRAS**

1. *Todas as actuacións deberán contar con licenza municipal ou no seu caso estar suxeitas ao procedemento de comunicación previa, así como contar con todas as autorizacións sectoriais que sexan precisas.*

2. *O solicitante promotor das obras daralle conta á Oficina Municipal de Rehabilitación da data do comezo das obras.*

*Os solicitantes poderán contratar coas empresas construtoras que contén coa correspondente cualificación empresarial e cos profesionais competentes que estimen oportuno, tendo en conta o indicado no artigo 8.4.b) das presentes bases.*

3. *As obras deberán executarse no prazo máximo establecido na cualificación provisional das axudas.*

4. *As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no Proxecto técnico ou Memoria que serviu de base para a concesión inicial das axudas e, en todo caso, deberán estar autorizadas pola correspondente licenza ou comunicación previa e autorizacións sectoriais para a execución das obras.*

5. *A Oficina de Rehabilitación poderá en todo caso supervisar as obras co obxecto de comprobar a súa correcta execución e o cumprimento das condicións a que se encontren sometidas en virtude das axudas concedidas e da licenza urbanística.*

6. *Unha vez recibida a comunicación da cualificación provisional, o promotor deberá colocar no exterior da vivenda ou edificio o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación, elaborado de acordo cos acordos asinados, o cal deberá permanecer até o cobro total das axudas solicitadas.*

7. *O solicitante deberá comunicar á Oficina de Rehabilitación calquera eventualidade que poida supor unha modificación das condicións tidas en conta para a cualificación da actuación, así como as eventualidades que puidesen afectar ao prazo de execución da obra.*

8. *Ao remate das obras, e para poder continuar co procedemento, será necesario obter a Cualificación definitiva das actuacións.*

#### **ARTIGO 12. CUALIFICACIÓN DEFINITIVA**

##### **12.1. Documentación final de obra**

*Unha vez se rematen as obras, e previo á obtención da Cualificación definitiva para a actuación, o solicitante deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello de Castro de Rei a documentación que a continuación se relaciona, en orixinal ou copia compulsada:*

a) *Comunicación final das obras.*

*Declaración expresa por parte do beneficiario de que o proxecto foi executado conforme o indicado na solicitude ou polo técnico director das obras (en caso de obras maiores) a través da certificación final das obras. De existir modificacións no proxecto, achegarase un informe técnico ou documento cos datos e incidencias máis significativas ocorridas durante a execución.*

*Neste caso, previo ao momento da realización de modificacións sobre o contido no proxecto, deberánse comunicar á Oficina de Rehabilitación os cambios desexados e dispor dos títulos habilitantes necesarios.*

b) *Facturas orixinais pola totalidade das obras realizadas subvencionables e xustificantes de pagamento.*

*O solicitante achegará a seguinte documentación xustificativa do gasto:*

*- Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actuación, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento, indicando, se é o caso, as desviacións acaecidas sobre o orzamento subvencionado.*

- As facturas, ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior, emitidas polos provedores en relación coa actuación subvencionada.

- As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

O solicitante achegará a seguinte documentación xustificativa do pagamento:

- Para cada un dos documentos xustificativos de gasto: transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, nos cales deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento.
- Non se admitirán como xustificantes os documentos acreditativos de pagamentos en metálico nin os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou non dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade.

c) Certificación de fin de obra expedida polo técnico responsable, no caso de que fose preceptivo.

d) Podería ser necesario achegar outra documentación administrativa e técnica final, como: Licenza de Primeira Ocupación, Boletíns de instalacións, certificado técnico de modificación das condicións do Informe de Avaliación de Edificios.

e) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para as mesmas actuación subvencionadas, tanto as aprobadas ou concedidas - nas que aportará a resolución da concesión da citada axuda -, como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

Os órganos competentes do Concello de Castro de Rei poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes. No caso de que non fosen remitidos polo beneficiario dentro do prazo que se sinala, poderá entenderse que renuncia á subvención.

## 12.2 Cualificación definitiva

1. Recibida a documentación xustificativa relacionada no artigo anterior, a Oficina de Rehabilitación tramitará o expediente para a obtención da cualificación definitiva no departamento territorial como órgano competente da Consellería.

O persoal da Oficina de Rehabilitación do Concello de Castro de Rei procederá a realizar as seguintes comprobacións:

- Que as actuacións foron executadas dentro dos prazos e coas exixencias establecidas na cualificación provisional.
- Que para a súa execución se contou con todas as autorizacións necesarias.
- Que o pagamento efectivo das facturas e os documentos bancarios de pagamento das anteditas actuacións foron realizados polas persoas ou polas entidades beneficiarias que figuraban na resolución de cualificación provisional.

2. Procederase á minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificativo teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión, sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

3. Aprobada provisionalmente a axuda pola Alcaldía, a Oficina de Rehabilitación elaborará unha proposta de cualificación definitiva que se remitirá á Área Provincial do IGVS que cualificará definitivamente a actuación. Conterá a identificación da persoa ou da entidade beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento xustificativo e a proposta de subvención final que se aboará. A cualificación definitiva supón a xustificación da execución de todas as actuacións cualificadas.

A esta proposta de cualificación definitiva deberá xuntarse unha certificación municipal do cumprimento dos requisitos establecidos no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, na resolución do 3 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas previstas no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, e na correspondente resolución de cualificación provisional, relativos tanto á actuación como ás persoas ou entidades beneficiarias. A certificación municipal que se acompaña á proposta de cualificación definitiva constituirá a memoria económica xustificativa do custo da actividade exixida no artigo 48.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. As xefaturas territoriais do IGVS, con base na documentación remitida polo correspondente

concello e logo das comprobacións, de ser o caso, que consideren oportunas, resolverán sobre a cualificación definitiva. Na resolución pola que se concede a cualificación definitiva constará o tipo de actuación realizada, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación e o importe do orzamento protexible. A obtención da cualificación definitiva non xera para a persoa ou entidade titular o dereito á concesión da subvención nin comporta a súa consideración como persoa ou entidade beneficiaria da axuda.

5. O prazo para ditar e notificar a resolución sobre a cualificación definitiva será de dous (2) meses, contados a partir do día seguinte ao da entrada na correspondente área provincial do IGVS da proposta municipal de cualificación definitiva. Transcorrido o dito prazo sen que se notifique a resolución expresa, esta entenderase denegada.

6. Serán causas de denegación da cualificación definitiva, ademais das que poida sinalar o concello, as seguintes:

a) Non executar as obras de conformidade co previsto na resolución de cualificación provisional, executalas parcialmente ou executar obras distintas das previstas na citada

resolución de cualificación provisional.

b) Non executar as obras de conformidade coa licenza de obras ou non cumprir as condicións recollidas nela, ou coa comunicación previa no caso de que a actuación non

estivese sometida a licenza.

c) Incumprir o prazo de execución previsto na resolución de cualificación provisional.

d) Incumprir calquera dos requisitos previstos no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo,

nesta resolución e no correspondente acordo específico, para obter a condición de persoa ou entidade beneficiaria.

e) A falta de cobertura orzamentaria no momento da resolución de cualificación definitiva.

7. Contra a resolución que sobre a cualificación definitiva diten as xefaturas territoriais do IGVS poderase interpor un recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS, no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

### **ARTIGO 13. CONCESIÓN E PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS**

1. A continuación procederá o órgano municipal competente á aprobación definitiva das axudas. Contra dita resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interporse recurso contencioso administrativo ante o Xulgado competente desta orde de Lugo, nos dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da notificación (arts. 46 e 14 da Lei 29/1998).

Non obstante, potestativamente, poderá interporse recurso de reposición ante o órgano autor desta resolución, no prazo dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da notificación (art. 124 da Lei 39/2015). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que estime e sexa conforme a Dereito.

2. Para proceder ao aboamento da subvención, tras a obtención da cualificación definitiva da actuación, o beneficiario deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello de Castro de Rei, no prazo de quince (15) días dende a recepción da cualificación definitiva, certificacións expedidas polos organismos competentes, acreditativas de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, en orixinal ou copia compulsada.

3. No caso de que non presente as citadas certificacións, transcorrido o prazo sinalado, requirirase ao beneficiario para que a presente a documentación no prazo improrrogable de dez (10) días. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste punto, non eximirá o beneficiario das sancións que conforme a lei correspondan ou da perda das axudas de non existir tempo suficiente para realizar as tramitacións administrativas correspondentes polo ente xestor, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento.

4. A cualificación definitiva terá a consideración de memoria de actuación xustificativa do cumprimento para ós efectos do previsto no artigo 48 do Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia.

5. O concello aboará as correspondentes subvencións ás persoas e as entidades beneficiarias e xustificarán os pagamentos realizados, tanto respecto das subvencións estatais, para a súa comunicación ao Ministerio de Fomento, como das subvencións autonómicas. Estas xustificación deberá realizarse á área provincial do IGVS nun prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte a aquel en que se realizasen os oportunos pagamentos.

### **ARTIGO 14. CAUSAS DE DENEGACIÓN E PERDA DAS AXUDAS**

1. Sen prexuízo do estipulado na normativa de aplicación, serán causa de denegación das axudas os seguintes supostos:

a) Non reunir as condicións esixidas nestas bases relativas aos promotores e aos inmobles obxecto de rehabilitación.

b) Que as obras de rehabilitación solicitadas estivesen realizadas con anterioridade á tramitación do expediente.

c) Non informar a Oficina de Rehabilitación sobre o inicio das obras.

d) Incumprir os prazos sinalados nestas bases.

e) A realización de calquera obra non prevista no proxecto e que non estean autorizadas pola Oficina de Rehabilitación ou, de ser o caso, amparadas pola licenza urbanística. Calquera cambio con respecto ao proxecto deberá ser consultado con anterioridade á súa execución.

f) Impedimento ou obstaculización do acceso ás obras a calquera dos técnicos da Oficina de Rehabilitación por parte do promotor ou do construtor.

g) A grave incorrección técnica ou construtiva das obras apreciada pola Oficina de Rehabilitación e constatada no proxecto ou na súa execución.

h) A non execución de obras previstas inicialmente que teñan incidencia nas condicións de habitabilidade a respecto do estado previo do inmovible.

i) Sen prexuízo da normativa urbanística de aplicación e o establecido nestas bases, será causa de denegación das axudas o incumprimento de calquera das normas ou directrices dadas pola Oficina de Rehabilitación con anterioridade ou no momento da execución das obras.

j) A falta de xustificación total das actuacións correspondentes dentro dos prazos establecidos.

#### **ARTIGO 15. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

#### **ARTIGO 16. REINTEGRO DA SUBVENCIÓN**

Ademais das previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, serán causas de reintegro as seguintes:

1. O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, que comportará, así mesmo, o incremento do reintegro da subvención percibida co xuro legal correspondente desde o seu pagamento, máis un 25 %, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo que a Lei de orzamentos do Estado estableza outro diferente.

2. A non comunicación ao órgano instructor de calquera modificación substancial das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.”

Castro de Rei, 25 de febreiro de 2022.- O alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 0425

### **CHANTADA**

#### *Anuncio*

O Pleno do Concello de Chantada en sesión ordinaria celebrada o día 10 de febreiro de 2022, acordou a modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT), a efectos de reclasificar unha praza de policía local segunda actividade.

Exponse ao público o expediente e o acordo inicial por prazo de vinte días, segundo o previsto no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do empregado público de Galicia. Transcorrido o devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se formularan reclamacións, suxestións ou alegacións.

Chantada, 25 de febreiro de 2022.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 0426

### **LOURENZÁ**

#### *Anuncio*

#### **EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA XIMNASIO FEBREIRO DE 2022**

##### **EXPOSICIÓN O PÚBLICO**

Por Resolución de Alcaldía de data 25 DE FEBREIRO DE 2022, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de XIMNASIO correspondente ao mes de XANEIRO DE 2022 por importe de 931,20 EUROS (NOVECIENTOS TRINTA E UN CON VINTA EUROS)

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulan ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 25 de febreiro de 2022.- A Alcadesa, Rocío López García.

R. 0427

## LUGO

### *Anuncio*

**Decreto Nº: 1992/2022 do 22/02/2022**

**ASUNTO: CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE TÉCNICA/O DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2020)**

**Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.**

- Acordo 9/286 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2020, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2020.

- Acordo da Mesa Xeral de Negociación do día 14 de xaneiro de 2021 de proposta de aprobación das bases para acceso ás prazas de promoción interna. - Proposta de aprobación das bases específicas de 20 de xaneiro de 2021 para o acceso en propiedade a unha praza de Técnica/o da escala de Administración Xeral pertencente ao cadro de persoal funcionario do excmo. concello de lugo, quenda de promoción interna (oep 2020).

- Informe de Intervención de 4 de maio de 2021 no que se indica que deberá de incluírse nas Bases Reguladoras da Convocatoria a composición e número de membros do Tribunal (non a súa identificación persoal), cuxos vocais deberán poseer titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso á praza convocada.

-Acordo 9/298 da Xunta de Goberno Local do 19-5-2021 de APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE TÉCNICA/O DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2020)

Esta Concelleira, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade unha praza de TÉCNICA/O DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (INCLUÍDA NA NA OEP 2020), que se rexerá polas BASES ESPECÍFICAS aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 19 de maio de 2021, que seguidamente se transcriben:

1º.- **OBJECTO.** É obxecto destas bases específicas a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionaria/o de carreira, a UNHA praza de Técnica/o da Escala de Administración Xeral, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, (1 incluída na OEP 2020) en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS VACANTES PERTENCENTES AO CADRO DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA", aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 2 de xuño de 2010 e modificadas polo citado órgano o 22 de decembro de 2010, 15 de outubro de 2014 e 5 de decembro de 2018.

As ditas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 256, do 7 de novembro de 2014 e núm. 39, do 15 de febreiro de 2019.

## 2º.- CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS

a) Denominación da praza: Técnica/o

b) Grupo de titulación: A (subgrupo A1)

c) Outras características: - Escala: Administración xeral - Subescala: Técnica

3º.- SISTEMA SELECTIVO.- De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo, o sistema selectivo será o de concurso oposición.

## 4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:

a) Título de Doutor/a, Licenciado/a, Enxeñeiro/a, Arquitecto/a ou Título universitario de grao e máster ou equivalente

b) Ser empregada/o público do Concello de Lugo con praza en propiedade da Escala de Administración Xeral pertencente ao grupo inmediatamente inferior, e ter unha antigüidade mínima de dous anos no grupo dende o que se promove.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo e as e os aspirantes manifestarán nelas, de xeito expreso, que reúnen todas e cada unha das condicións de admisión previstas nestas bases específicas e nas xerais aprobadas pola Xunta de Goberno nas sesións do 2 de xuño de 2010, 22 de decembro de 2010, 15 de outubro de 2014 e 5 de decembro de 2018 para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ao cadro de funcionarias/os do Concello de Lugo en quenda de promoción interna.

As interesadas e interesados en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excmo. Sra. Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima). O prazo de presentación de instancias será de vinte días hábiles contados, dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Así mesmo, na solicitude de admisión ao concurso-oposición deberán alegar os méritos que posúan de entre os especificados na base décimo terceira das bases xerais anteriormente citadas de acordo coa modificación aprobada pola Xunta de Goberno Local o 22 de decembro de 2010, e acompañar á dita solicitude os certificados e títulos ou diplomas acreditativos de tales méritos, sen que o tribunal poida valorar méritos diferentes dos alegados na solicitude ou insuficientemente acreditados, sen que proceda a concesión de prazos ás persoas solicitantes para a corrección de tales deficiencias.

6º.- FASE DE CONCURSO. Consistirá na valoración dos méritos alegados e acreditados polo persoal aspirante no momento de presentación das instancias. Os méritos serán valorados de acordo co baremo que se establece na base décimo terceira das xerais aludidas na base anterior.

7º.- PROBAS SELECTIVAS As probas selectivas que deberán superar as e os aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de cen (100) preguntas tipo test, máis catro (4) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, con tres respostas alternativas propostas polo Tribunal, das cales só unha delas será correcta. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 120 minutos. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos. Corresponderalle ao tribunal o número de respostas correctas esixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta.

SEGUNDO EXERCICIO, práctico: consistirá en realizar, durante un tempo máximo de 240 minutos (4 horas), un ou varios supostos prácticos que formulará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio e que estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias das e dos titulares destas prazas. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá, ou poderá, ir provisto o persoal aspirante para a súa realización. O tribunal cualificador, se o estimara oportuno, poderá acordar que as e os aspirantes dean lectura en acto público aos exercicios escritos. Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

## B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Acreditarase o coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia. Realizarase unha proba de coñecemento da lingua galega que fixará o órgano de selección atendendo á categoría e ás funcións da praza. Este exercicio puntuarase como apto ou non apto.

Estarán exentos da realización deste exercicio aquelas persoas aspirantes que acheguen, no prazo regulamentario de presentación de solicitudes, o título CELGA 4 ou equivalente debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

## 8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS.

### PRIMEIRA PARTE: DEREITO ADMINISTRATIVO XERAL.

1. A Administración Pública e o Dereito. O principio de legalidade na Administración. Potestades regradas e discrecionais: discrecionalidade e conceptos xurídicos indeterminados. Límites da discrecionalidade. Control xudicial da discrecionalidade. A desviación de poder.
2. As persoas ante a actividade da administración: dereitos e obrigas. O interesado: concepto, capacidade de obrar e representación. A identificación dos interesados e os seus dereitos e intereses lexítimos no procedemento.
3. A transparencia da actividade pública. Publicidade activa. O dereito de acceso á información pública.
4. A protección dos datos de carácter persoal. O regulamento xeral de protección de datos. Principios. Dereitos do interesado. Responsable do tratamento e encargado do tratamento. Recursos, responsabilidade e sancións. Disposicións relativas a situacións específicas de tratamento.
5. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A forma e a motivación.
6. A eficacia dos actos administrativos. O principio de autotutela declarativa. O principio de autotutela executiva. A execución forzosa dos actos administrativos. A vía de feito.
7. A notificación: contido, prazo e práctica en papel e a través de medios electrónicos. A notificación infrutuosa. A publicación.
8. A invalidez do acto administrativo. Supostos de nulidade de pleno dereito e anulabilidade. A revisión de actos e disposicións pola propia Administración. A revogación de actos. A rectificación de erros.
9. Disposicións xerais sobre o procedemento administrativo. Os medios electrónicos aplicados ao procedemento administrativo común. A iniciación do procedemento: clases, subsanación e mellora de solicitudes. Presentación de solicitudes, escritos e comunicación. Os rexistros administrativos.
10. A adopción de medidas provisionais. O tempo no procedemento. Termos e prazos: cómputo, ampliación e tramitación de urxencia.
11. Ordenación do procedemento. A instrución: as súas fases. A tramitación simplificada do procedemento administrativo común.
12. Terminación do procedemento. A obriga de resolver. Contido da resolución expresa: principios de congruencia e de non agravación da situación inicial. A terminación convencional.
13. O incumprimento dos prazos para resolver e os seus efectos. A falta de resolución expresa: o réxime do silencio administrativo. A desistencia e a renuncia. A caducidade.
14. Recursos administrativos: principios xerais. Actos susceptibles de recurso administrativo. Regras xerais de tramitación dos recursos administrativos. Clases de recursos. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos.
15. A xurisdición contencioso-administrativa. Natureza, extensión e límites. Órganos da xurisdición e as súas competencias. As partes: lexitimación. O obxecto do recurso contencioso administrativo. Causas de inadmisibilidade. O procedemento en primeira ou única instancia. Medidas cautelares. A sentenza: recursos contra sentenzas. A execución da sentenza. Procedementos especiais
16. A potestade sancionadora: concepto e significado. Principios do exercicio da potestade sancionadora. Especialidades do procedemento sancionador. Medidas sancionadoras administrativas. Especial referencia á potestade sancionadora local
17. A responsabilidade da Administración pública: caracteres. Os presupostos da responsabilidade. danos resarcibles. A acción de responsabilidade. Especialidades do procedemento administrativo en materia de responsabilidade. A responsabilidade patrimonial das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas.
18. Os contratos do sector público: as directivas europeas en materia de contratación pública. Obxecto e ámbito de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público. Contratos suxeitos a regulación harmonizada. Contratos administrativos e contratos privados.
19. Disposicións xerais sobre a contratación do sector público: racionalidade e consistencia, liberdade de pactos e contido mínimo do contrato, perfección e forma do contrato. Réxime de invalidez. Recurso especial en materia de contratación.
20. As partes nos contratos do sector público. Capacidade e solvencia do empresario. Sucesión na persoa do contratista. Os órganos de contratación. Competencia en materia de contratación e normas específicas de contratación pública nas entidades locais.
21. Obxecto, orzamento base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión. Garantías esixibles na contratación do sector público. Preparación dos contratos das Administracións Públicas: expediente de contratación, prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

22. Efectos dos contratos. Prerrogativas da Administración Pública nos contratos administrativos. Execución dos contratos. Modificación dos contratos. Suspensión e extinción dos contratos. Cesión dos contratos e subcontratación.

23. O contrato de obras: Actuacións preparatorias. Execución. Modificación. Cumprimento e resolución.

24. O contrato de concesión de obras. Actuacións preparatorias. Efectos, cumprimento e extinción das concesións. Construción de obras obxecto de concesión. Dereitos e obrigas do concesionario e prerrogativas da Administración concedente. Extinción das concesións.

25. O contrato de concesión de servizos: Actuacións preparatorias. Efectos, cumprimento e extinción. Execución e modificación. Cumprimento e resolución. 26. O contrato de servizos: Execución. Resolución. Especialidades do contrato de elaboración de proxectos de obras.

27. O contrato de subministro: Execución. Cumprimento e resolución. O contrato de servizos. Execución. Resolución.

28. Delitos contra a Administración Pública. Delitos dos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais. Atentados contra a autoridade, os seus axentes e os funcionarios públicos. Os delitos relativos á ordenación do territorio e o urbanismo, á protección do patrimonio histórico e o medio ambiente.

## **SEGUNDA PARTE: DEREITO ADMINISTRATIVO LOCAL.**

29. A organización municipal nos municipios de réxime común. Órganos necesarios: o/a Alcalde/sa, os/as Tenentes/as de Alcalde/sa, o Pleno e a Xunta de Goberno Local. Atribucións e delegacións. Especialidades do réxime orgánico funcional dos municipios de gran poboación.

30. Os órganos complementarios: Comisións Informativas e outros órganos. Os grupos políticos: composición, organización, financiamento e función. A participación veciñal na xestión municipal.

31. As competencias municipais: sistema de determinación. Competencias propias, delegadas e distintas das propias. Os servizos mínimos.

32. O sistema electoral local. Causas de inelixibilidade e incompatibilidade. Elección dos/as concelleiros/as e alcaldes/as. O recurso contencioso electoral.

33. Réxime de sesións e acordos dos órganos de Goberno local: convocatoria, desenvolvemento e adopción de acordos. As Actas. A utilización de medios telemáticos.

34. A fase de control do goberno municipal nas sesións. A moción de censura e a cuestión de confianza no ámbito local. O estatuto dos membros electos das Corporacións Locais. Os/as concelleiros/as non adscritos/as.

35. Os dereitos constitucionais dos/as empregados/as públicos/as. Políticas de igualdade e contra a violencia de xénero nas Administracións Públicas. Políticas dirixidas á atención a persoas con discapacidade e/ou dependentes.

36. Os empregados públicos locais: clases e réxime xurídico. Os instrumentos de organización do persoal: plantilla e relación de postos de traballo. Os instrumentos reguladores dos recursos humanos: a oferta de emprego público, os plans de emprego e outros sistemas de racionalización.

37. O acceso ao emprego público: principios reguladores. Requisitos. Sistemas selectivos. A extinción da condición de empregado público. O réxime de provisión de postos de traballo: sistemas de provisión. As situación administrativa dos funcionarios locais.

38. A relación estatutaria. Os dereitos dos funcionarios públicos. Dereitos individuais. Especial referencia á carreira administrativa e ás retribucións. O réxime da seguridade social. Dereitos de exercicio colectivo. Sindicación e representación. A negociación colectiva.

39. Deberes dos funcionarios públicos. O réxime disciplinario. O réxime de responsabilidade civil, penal e patrimonial. O réxime de incompatibilidades.

40. O contrato de traballo: partes. Capacidade de contratar. Contido. As prestacións do traballador e do empresario. Modalidades do contrato de traballo. Modificación, suspensión e extinción da relación laboral

41. Dereitos e deberes laborais. O salario: concepto e natureza xurídica. Clases de salarios. A xornada de traballo.

42. Liberdade sindical. A participación do persoal na empresa. Comités de empresa e delegados de persoal. As asembleas de traballadores. Os conflitos colectivos. O dereito de folga.

43. As formas de acción administrativa das entidades locais. A intervención administrativa local na actividade privada. As autorizacións administrativas: as súas clases. O réxime de licenzas. A comunicación e a declaración responsable. A actividade de fomento na esfera local.

44. A iniciativa económica das entidades locais e a reserva de servizos. O servizo público nas entidades locais. Concepto. As formas de xestión dos servizos públicos locais.

45. O patrimonio das entidades locais: bens e dereitos que o conforman. Clases. Bens de dominio público. Bens patrimoniais. Os bens comunais. Os montes veciñais en man común.



46. Prerrogativas e potestades das entidades locais en relación cos seus bens. O inventario. Administración, disfrute e aproveitamento dos bens. A enaxenación. A acción de desahucio. Aspectos rexistrals.
47. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: obxectivos e principios xerais. Réxime urbanístico da propiedade do solo: principios xerais. Clasificación. Réxime xurídico do solo rústico. Réxime xurídico do solo urbano. Réxime xurídico do solo urbanizable. Réxime xurídico do solo de núcleo rural.
48. O planeamento urbanístico na normativa urbanística galega. Os instrumentos de ordenación urbanística. Disposicións xerais sobre o planeamento, sostibilidade e calidade. O plan xeral de ordenación municipal. O plan básico autonómico.
49. O planeamento de desenvolvemento. O Plan Parcial. O planeamento especial. Os catálogos. Estudos de detalle. Delimitacións de solo de núcleo rural.
50. Publicidade, vixencia e efectos da aprobación dos plans. Modificación e revisión de plans. Usos e obras provisionais. Normas de aplicación directa. Informacións urbanísticas.
51. Execución do planeamento. Presupostos da execución. O principio de equidistribución e as súas técnicas. Sistemas de actuación: elección do sistema. O proxecto de urbanización. Supostos indemnizatorios. Peculiaridades das expropiacións urbanísticas.
52. A intervención na edificación e uso do solo: Licenzas urbanísticas e comunicacións previas. Actos suxeitos e exentos e o seu réxime xurídico.
53. As ordes de execución. Deberes de conservación e réxime da declaración de ruína.
54. Intervención municipal no comercio e actividades de servizo. A venda ambulante. A intervención municipal en espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos públicos.
55. A protección da legalidade urbanística: obras e usos sen licenza ou comunicación previa en curso de execución, obras rematadas sen título habilitante ou sen axustarse ao título. Outros actos sen licenza ou sen comunicación previa. Particularidades da protección da legalidade en solo rústico e en zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos. Suspensión e revisión de licenzas. As declaracións de ineficacia. Infraccións e sancións urbanísticas.
56. A participación das entidades locais na política de vivenda. As políticas municipais de solo e vivendas de protección pública. Patrimonio Municipal de solo como instrumento de xestión na promoción de vivendas de protección pública. O plan de vivenda e os convenios interadministrativos de colaboración.
- TERCEIRA PARTE: DEREITO FINANCEIRO.**
57. Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Principios xerais. Obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e da regra de gasto: establecemento e consecuencias asociadas ao seu incumprimento, Destino do superávit orzamentario. Os plans económico-financeiros: contido, tramitación e seguimento. Plans de axuste e de saneamento financeiro. Subministro de información financeira das entidades locais.
58. O orzamento xeral das entidades locais: concepto e contido. Especial referencia ás bases de execución do orzamento. A elaboración e aprobación do orzamento xeral. A prórroga do orzamento.
59. A estrutura orzamentaria. Os créditos do orzamento de gastos: delimitación, situación e niveis de vinculación xurídica. As modificacións de crédito: clases, concepto, financiamento e tramitación.
60. A execución do orzamento de gastos e de ingresos; as súas fases. Anticipos de caixa fixa. Pagos “a xustificar”. Os gastos de carácter plurianual. A tramitación anticipada de gastos. Os proxectos de gasto. Os gastos con financiamento afectado.
61. A liquidación do orzamento. Tramitación. Os remanentes de crédito. O resultado orzamentario: concepto, cálculo e axustes. O remanente de tesouraría: concepto e cálculo
62. O crédito local. Clases de operacións de crédito. Natureza xurídica dos contratos: tramitación. As operacións de crédito a longo prazo: finalidade, duración e competencia. Límites e requisitos para a concertación das operacións de crédito a longo prazo. As operacións de crédito a curto prazo: requisitos e condicións. A concesión de avais polas entidades locais.
63. A tesourería das entidades locais. Réxime xurídico. O principio da unidade de caixa. Funcións da tesourería. Organización. Situación dos fondos: a caixa e as contas bancarias. A realización dos pagamentos: prelación, procedementos e medios de pagamento. O cumprimento do prazo nos pagamentos: o período medio de pagamento. O estado de conciliación.
64. O control interno da actividade económico-financeira das entidades locais e dos seus entes dependentes. A función interventora: ámbito subxectivo, ámbito obxectivo e modalidades. Especial referencia aos reparos.
65. O control externo da actividade económico-financeira do sector público local. A fiscalización das entidades locais polo Tribunal de Contas: organización e funcións.

66. O sistema de contabilidade da Administración local: principios, competencias e fins da contabilidade. As instrucións de contabilidade. Documentos contables e libros de contabilidade.

67.- Os recursos das Facendas locais: enumeración dos recursos dos municipios. Especial referencia aos tributos locais. A potestade regulamentaria das entidades locais en materia tributaria: contido das ordenanzas fiscais, tramitación e réxime de impugnación dos actos de imposición e ordenación de tributos. O establecemento dos recursos non tributarios.

68. A xestión, liquidación e recadación dos recursos das facendas locais. Os ingresos indebidos. A xestión de recadación en período voluntario e executivo. A revisión en vía administrativa dos actos de xestión tributaria ditados polas entidades locais. A xestión e recadación de recursos por conta de outros entes públicos.

69. Taxas e prezos públicos. Principais diferenzas. As contribucións especiais: anticipo e aprazamento de cotas e colaboración cidadá.

70. Imposto sobre bens inmoables. Natureza. Feito imponible. Suxeito pasivo. Exencións e bonificacións. Base imponible. Base liquidable. Cota, devengo e período impositivo. Xestión catastral. Xestión tributaria. Inspección catastral.

71 O Imposto sobre actividades económicas. Natureza. Feito imponible. Suxeito pasivo. Exencións. Cota: as tarifas. Devengo e período impositivo. Xestión censal e xestión tributaria. O recargo provincial. O Imposto sobre construcións, instalacións e obras

72. O imposto sobre vehículos de tracción mecánica. O Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

#### 9º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES

De conformidade co establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, a composición dos tribunais cualificadores será a seguinte:

**Presidente:** Un/ha funcionario/a do grupo A1, ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o pola Xunta de Goberno Local, entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal).

#### **Vogais:**

- Tres técnicos ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeados pola Xunta de Goberno Local, entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal).

**Secretario/a:** un funcionario/a do grupo A1 ou a A2, no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeado/a pola Xunta de Goberno Local, entre aqueles que presten servizos no Concello de Lugo e conten con formación no ámbito xurídico”.

A súa vez será aplicable a Instrución para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada día nove de outubro de dous mil dezanove.

#### 10º.- RECURSOS

Contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á publicación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á publicación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 22 de febreiro de 2022.

### Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de febreiro de 2022, adoptou, entre outros o acordo 13/108 NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA DESEMPEÑAR AS PRAZAS DE POLICÍA LOCAL, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE POLICÍA LOCAL E AUXILIARES, SUBGRUPO C1, cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

“PRIMEIRO.- Nomear a Don Daniel Rey Centeno con \*\*\*5503\*\*, Don Adrián Fernández Román con \*\*\*3956\*\*, Don Juan Manuel Figueirido Blanco con \*\*\*9561\*\*, Don José Antonio Fernández Fernández con \*\*\*8431\*\*, Don Jesús Becerra Pereiro con \*\*\*6063\*\*, Dona Belén Dorado Álvarez con \*\*\*5671\*\*, Don Pedro Díaz Pedreira con \*\*\*5274\*\*, Don Martín Pardiñas Díaz con \*\*\*5080\*\*, Don Adolfo Liñayo Filgueira con \*\*\*1140\*\* , Don Marcos Caridad Rodríguez con \*\*\*0248\*\*, Don Oliver Armesto de Hojas con \*\*\*2167\*\*, Don Adrián Fernández Pardo con \*\*\*0210\*\*, don Hugo Grueiro Martínez con \*\*\*1071\*\*, dona Cristina Rodríguez Iglesias con \*\*\*1921\*\*, Don Jacobo Cora de Marcos con \*\*\*4178\*\*, Don Francisco José Boado Sánchez con \*\*\*1743\*\*, como funcionarios de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar as prazas de Policía Local, encadradas na escala de Administración Especial, subescala de Servizos Especiais, clase Policía Local e Auxiliares, subgrupo C1.

SEGUNDO.- Notificarlles o acordado aos interesados, coa advertencia que deberán tomar posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

TERCEIRO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación do presente acordo.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación do presente acordo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente

CUARTO.- Ordear a publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

Lugo, de febreiro de 2022.- A Tta. de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellós Fondo.

R. 0428

## PANTÓN

### Anuncio

**NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA, RECOLLIDA DE LIXO E SUMIDOIRO CORRESPONDIENTE AO SEXTO BIMESTE DE 2021.**

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019) e en virtude de Acordo do 24.02.2022, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, recollida de lixo e sumidoiro correspondente ao sexto bimestre de 2022, o cal se expón ó público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a este, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.

Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.

Poderá interporse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

**ANUNCIO.**

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, exponse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, recollida de lixo e sumidoiro correspondente ao sexto bimestre de 2021.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do 01.04.2022 ao 31.05.2022, ambos inclusive. Data de cargo en conta: 02.05.2022
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n – 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 – Fax: 982 45 65 62

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 24 de febreiro de 2022.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 0429

*Anuncio***NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO DE 2022.**

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019) e en virtude de Acordo do 10.02.2022, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xaneiro de 2022, o cal se expón ao público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a estes, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.

Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.

Poderá interporse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

**ANUNCIO.**

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, exponse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xaneiro de 2022.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do 01.03.2022 ao 30.04.2022, ambos inclusive. Data de cargo en conta: 01.05.2022
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n – 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 – Fax: 982 45 65 62

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará

a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 24 de febreiro de 2022.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 0430

## RIBEIRA DE PIQUÍN

### *Anuncio*

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de agosto de 2021, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección dun peón especialista forestal, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses, a través do programa "Fomento do Emprego 2021 da Excma. Deputación Provincial de Lugo".

Segundo o disposto na base cuarta (4ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, -09.00 / 14.00 horas-, durante o prazo de cinco (5) días naturais, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As citadas bases atópanse publicadas na páxina web do Concello: [www.ribeiradepiquin.es](http://www.ribeiradepiquin.es), podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de oficina.

Ribeira de Piquín, 28 de febreiro de 2022.- O alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 0446

## O VICEDO

### *Anuncio*

**Emprazamento no procedemento ordinario nº 0000026/2022 do Xulgado contencioso-administrativo nº1 de Lugo.**

Neste Concello recibíuse emprazamento polo recurso contencioso - administrativo que de seguido se cita:

Órgano xurisdiccional: Xulgado do contencioso - administrativo nº 1 de Lugo

Número: Procedemento ordinario nº 0000026/2022

Recorrentes: Nieves Rey Timiraos

Acto recorrido: Resolución do Concello do Vicedo de 1 de xuño de 2021, ditada en expediente administrativo denegación de licenza de rehabilitación de vivenda unifamiliar sita no lugar de Pontesegade, parroquia de Cabanas.

De conformidade co preceptuada no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa, por medio do presente anuncio, emprázase ás persoas interesadas para que poidan persoarse no procedemento sinalado, perante o órgano referido, no prazo de 9 días, contados a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O Vicedo, 25 de febreiro de 2022.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0431

## MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

### CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO - SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

#### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

**Expediente:** A/27/04651/E

**Asunto:** Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

**Titular:** D. Julio Vázquez López

**Nombre del río o corriente:** Un pozo y dos manantiales

**Punto localización:** Lugar de As Namelas, en Outeiro Baixo, San Xoán de Friolfe

**Término municipal y provincia:** O Páramo, Lugo

Caudal concedido: 0,11 l/s

Destino: Uso doméstico y ganadero

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 22 de mayo de 1995

Registro de Aguas: 4078, Sección A, en el Tomo 0041, hoja número 078

**BREVE DESCRIPCIÓN:**

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de O Páramo** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 24 de febreiro de 2022.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 0432

---

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**Expediente:** A/27/03397/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: D. Ángel Gay Bruzos

Nombre del río o corriente: Un pozo

Punto localización: Finca Do Corgo, lugar de Torre

Término municipal y provincia: O Páramo, Lugo

Caudal concedido: 0,04 l/s

Destino: Uso ganadero y riego

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 10 de febrero de 1995

Registro de Aguas: 3907, Sección A, en el Tomo 0040, hoja número 007

**BREVE DESCRIPCIÓN:**

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de O Páramo** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 24 de febreiro de 2022.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 0433

---

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**Expediente:** A/27/03857/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: D. Domingo López López

Nombre del río o corriente: Un pozo

Punto localización: Finca Leiro, en el lugar de Beleigán, San Vicente de Gondra

Término municipal y provincia: O Páramo, Lugo

Caudal concedido: 0,014 l/s

Destino: Uso doméstico

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 10 de abril de 1996

Registro de Aguas: 5253, Sección A, en el Tomo 0053, hoja número 053

**BREVE DESCRIPCIÓN:**

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de O Páramo** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 24 de febreiro de 2022.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 0434

---

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**Expediente:** A/27/04357/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: D. <sup>a</sup> Celia López Díaz

Nombre del río o corriente: Una mina

Punto localización: Finca Horta do Penedo, lugar de Penedo de Trebolle, San Martín de Torre

Término municipal y provincia: O Páramo, Lugo

Caudal concedido: 0,009 l/s

Destino: Uso doméstico

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 27 de abril de 1996

Registro de Aguas: 5241, Sección A, en el Tomo 0053, hoja número 041

**BREVE DESCRIPCIÓN:**

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de O Páramo** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 24 de febreiro de 2022.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

0435

---

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**Expediente:** A/27/30200

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Jesús García Fernández

Nombre del río o corriente / de la captación: Pozo

Caudal solicitado: 0,0071 l/s

Punto de emplazamiento: O Carballal, parroquia de Parga (Santo Estevo)

Término Municipal y Provincia: Guitiriz (Lugo)

Destino: Usos domésticos

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza en un pozo en el que se coloca una bomba que aspira e impulsa las aguas a través de una tubería hasta la vivienda e instalaciones a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Guitiriz, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

A este respecto, y mientras existan limitaciones de acceso como consecuencia de los riesgos sanitarios derivados del riesgo de contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y tener en cuenta las MEDIDAS DE SEGURIDAD que se establezcan.

Lugo, 18 de febrero de 2022.- EL JEFE DEL SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0436

---

## NOTARÍA DE SARRIA

### *Anuncio*

JUAN JOSÉ LÓPEZ YÁÑEZ, NOTARIO DEL ILUSTRE COLEGIO DE GALICIA CON RESIDENCIA EN SARRIA,  
HAGO CONSTAR

Que en esta Notaría de Sarria, sita en la calle Gran Vía, nº9, Bajo se tramita ACTA DE PARTICIÓN CONFORME A LA LEY GALLEGA, con el fin de proceder a la partición de las herencias del causante **DON VICTOR LOSADA LOPEZ** .

Que entre los herederos del citado causante se encuentran los siguientes o sus herederos:

- DON LUIS LOSADA LOPEZ en paradero desconocido.
- DOÑA JULIA LOSADA LOPEZ en paradero desconocido.
- DON JOSE LOSADA LOPEZ en paradera desconocido.

Que se le comunica a dichos interesados o a cualquiera que tenga interés en dichas herencias lo siguiente:

Durante un plazo que finalizará en un plazo de treinta hábiles desde la publicación del presente EDICTO podrán los interesados comparecer en mi notaria, sita en la calle gran vía, nº9-bajo de la villa de sarria, en horas de despacho, para oponerse a la tramitación de la misma, proponer nuevos contadores-partidores o alegar lo que estimen oportuno en defensa de sus derechos.

Sarria, 25 de febrero de 2022.

R. 0437